



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Destinatario: D.^a Paula Prado del Río, representante xeral do Partido Popular.

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego, en relación á difusión dun vídeo coa canción de campaña do Partido Popular titulada 'Galicia é moito'.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 3 de marzo de 2020, a representante xeral do partido político Bloque Nacionalista Galego presenta un escrito (RE 422/2020) no que formaliza unha denuncia, contra o Partido Popular, por infracción do artigo 53 da LOREX, en relación á difusión dun vídeo coa canción de campaña do Partido Popular titulada 'Galicia é moito'.

Achega a estes efectos enlace ao vídeo denunciado, e relata que no mesmo aparecen referencia a obras, proxectos e demais políticas levadas a cabo polo Partido Popular na Xunta, empregando o nome e logo da Xunta e o escudo institucional polo que considera que confunde ao electorado ao ofrecer unha visión de continuidade coa Xunta de Galicia derivado da presenza reiterada do nome da Xunta e a ausencia case absoluta do Logo do Partido cuxa campaña presenta este vídeo. Polo que solicita a retirada do vídeo denunciado

2. Nesa mesma data trasladóuselle ao Partido Popular a copia da denuncia para que puidesen formular alegacións.

3. O 4 de marzo de 2020, o Partido Popular, cumpre o trámite concedido formulando alegacións (RE 430 /2020), solicitando o arquivo da denuncia.

Fundamentos de dereito


Primeiro. O artigo 53 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), establece o período de prohibición de campaña electoral sen prexuízo das actividades realizadas polos partidos, coalicións e federacións no exercicio das funcións constitucionalmente recoñecidas, e en particular no artigo 20 da Constitución.

Segundo. A Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación do artigo 53 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas en período electoral, reitera esta prohibición que concreta expresamente na prohibición de difusión de propaganda electoral entra a convocatoria e o inicio da campaña electoral e determina no seu apartado 2 os actos permitidos entre os que figura a realización e distribución en soportes electrónicos de vídeos nos que se dan a coñecer os candidatos ou o programa electoral.

Terceiro. A denuncia formulada cuestiona o uso reiterado do nome e logo da Xunta que entende deriva nunha confusión entre o Partido Popular e a Xunta de Galicia o que atenta, segundo o denunciante, contra o principio de neutralidade dos poderes públicos.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



A Xunta electoral, unha vez visualizado o vídeo denunciado e vistas as alegacións formuladas polo Partido Popular, constata que no mesmo e en arredor de 24 ocasións, aparece unha bandeira coa palabra *Xunta*, de tipografía coincidente coa empregada pola Institución. Bandeira que ondea en maquetas de obras ou de edificios públicos ao longo dos aproximadamente tres minutos de duración do vídeo.

A Xunta, tal e como se recolle no artigo 9 do Estatuto de Autonomía, constitúe unha das Institucións autonómicas de Galicia polo que á luz dos acordos da XEC de 12 de maio de 2014 e 8 de novembro de 2016 nos que se recolle que non resulta admisible que as entidades políticas nos seus programas ou na súa publicidade electoral fagan unha utilización ou apropiación partidista das institucións do Estado, que pola súa natureza están por riba das diferentes opcións políticas e son patrimonio da Nación. Esta Xunta electoral non cuestiona a difusión por un partido político de logros ou actuacións levadas a cabo polo goberno autonómico, nin a difusión das imaxes do presidente da Xunta de Galicia e candidato do Partido Popular. O que se cuestiona é a apropiación dunha Institución galega, Xunta, nun vídeo de presentación do candidato do Partido Popular.

Cuarto. A Xunta Electoral de Galicia subliña a posible confusión implícita que nos electores puidera provocar a difusión do vídeo, entre a entidade política "Partido Popular" concurrente á contienda electoral en curso e a Institución autonómica "Xunta de Galicia". Máxime cando aínda non se ten iniciado a campaña electoral, o que fai que deban extremarse todas as cautelas para garantir e salvagardar os principios proclamados no artigo 8 da LOREX.

Acordo

Estimar parcialmente a denuncia e, polo tanto, ordenar a retirada ou modificación do vídeo "Galicia e Moito" coa supresión das bandeiras e emblemas da Xunta de Galicia. Que en todo caso deberá realizarse á maior brevidade posible. Sen que proceda incoar expediente sancionador, atendendo as circunstancias concorrentes e á a documentación que obra neste expediente.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14 horas do próximo día 7 de marzo de 2020.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, 6 de marzo de 2020.

O presidente

José María Gómez y Díaz-Castroverde